GaliciaTIC
Tecnologías de la información y comunicaciones

25, 26 DE OCTUBRE, 2005
PALACIO DE CONGRESOS Y EXPOSICIONES
SANTIAGO DE COMPOSTELA

FEUGA FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALLEGA · XUNTA DE GALICIA · "la Caixa" · IGAPE

III EDICIÓN | PROGRAMA | PREMIOS | INSCRIPCIÓN | PRENSA | FOROS | CONTACTO | PATROCINADORES | EDICIÓN ANTERIOR | INICIO

**PRENSA** Notas de Prensa | Actualidad | Boletin |

**martes 25 de octubre**

## Salustiano Mato: "Queremos impulsar a colaboración das empresas TIC para crear unha plataforma competitiva a nivel internacional"

Na súa intervención, Mato de la Iglesia suliñou as accións do sector público para fomentar a participación das empresas nos procesos de innovación e fixo fincapé na necesidade de integrar ás Universidades neste proceso.

O Congreso Galicia TIC terá lugar os días 25 e 26 de outubro no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, e versará sobre "O uso das TIC. Aplicacións e tendencias para un mundo en rede".

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2005.- O Director Xeral de I+D+I, Salustiano Mato de la Iglesia, inaugurou hoxe a terceira edición do Congreso Galicia TIC. O acto inaugural tivo lugar ás once da mañá no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia, en Santiago de Compostela, sé onde se desenvolverá a iniciativa durante os días 25 e 26 de outubro.

Durante a súa intervención, Mato de la Iglesia explicou as liñas mestras para desenvolver un sector empresarial potente das TIC en Galicia. Así, e aínda que suliña a existencia en Galiza dalgunhas industrias de gran prestixio e longa traxectoria, e doutras máis novas que naceron na era da informatización das empresas, recoñece que nas TIC "aínda queda moito camiño por explorar dado o seu carácter horizontal e multisectorial". Neste sentido, o Director Xeral de I+D+I expuxo a vontade da Consellería de Innovación e Industria "de impulsar a colaboración entre as empresas do sector TIC, a fin de constituír grupos potentes e cunha oferta conxunta que configure unha Plataforma TIC competitiva en calquera escenario, galego, de España ou internacional", declara.

AUNAR O ESFORZO PÚBLICO E PRIVADO

Mato de la Iglesia afirmou asimesmo que, neste contexto, "as accións do sector público poderán orientarse cara unha maior eficacia na súa aplicación, fomentando a participación das empresas no proceso de innovación, primeiro, e de I+D despois". Suliñou tamén a necesidade dun apoio conxunto das iniciativas pública e privada, "para acadar un maior impacto e grao de difusión, moi necesarios neste tipo de tecnoloxías", e pón de manifesto a necesidade de integrar ás universidades no proceso, "dando sentido a iniciativas como a do



Inscripción



Boletín GALICIATIC

Centro Tecnolóxico das Telecomunicacións, e outras xa existentes como o CESGA", declara.

Esta terceira edición do Congreso sobre as Tecnoloxías da Información e as Comunicacións xira arredor do "O uso das TIC. Aplicacións e tendencias para un mundo en rede". Un tema de máxima actualidade en Galiza, onde a Consellería de Innovación e Industria está a traballar para achegar a banda ancha a toda a poboación. Mato de la Iglesia explica que a implantación da banda ancha en Galiza "prodúcese a un ritmo normal nos núcleos urbáns galegos, pero non sucede o mesmo no rural, o que discrimina a parte da poboación que queda privada do acceso á Sociedade da Información". Por iso, e segundo o Director Xeral de I+D+I, "a Xunta de Galiza tén a responsabilidade de responder a este reto no menor tempo posible, e xa se están a dar os primeiros pasos para que todos os núcleos de poboación galegos accedan á banda ancha", asegura.

Mato de la Iglesia cre que a saúde do sistema de I+D+I "mídese en función do papel que xoga o gasto empresarial en Galiza". Na actualidade, este gasto é do 40%, unha cifra que califica como "moi escaso". Segundo explica, "necesita incrementarse considerablemente para achegarnos aos niveis de toda España, que é do 54%. Atopámonos aínda entre aqueles países que non traspasaron o límite no que as empresas asumen de forma crecente o liderazgo no financiamento da I+D", expón.

A ESPECIALIZACIÓN E A EXPORTACIÓN COMO MOTORES DA I+D

Neste contexto, Mato de la Iglesia revela que o gasto de I+D sitúase hoxe en Galicia no 0,86% do PIB, e asegura que un rápido avance "só pode producirse nun contexto no que exista unha forte especialización industrial e unha economía orientada á exportación". O Director Xeral de I+D+I cre, non obstante, que en Galiza aínda non se dan estas condicións "debido, en parte, á estructura produtiva, que non se desenvolve en sectores de alta tecnoloxía, e ao tamaño insuficiente das empresas para exercer de tractoras da I+D", conclúe.

O Congreso Galicia TIC desenvolverase os días 25 e 26 de outubro no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia. Durante o seu desenvolvemento, acollerá unha serie de actividades entre as que destacan unha serie conferencias sobre as empresas TIC que abordarán cuestións como a publicidade on-line, a movilidade e as comunicacións na empresa e a tecnoloxía e os negocios nun mundo en rede, entre outras. Pero ademáis, o Congreso acollerá outras iniciativas entre as que destacan a celebración de almorzos-coloquio nos que un invitado especial resolverá as dudas dos asistentes en torno a esta temática; un foro empresarial sobre casos de éxito, e outro profesional sobre tendencias nas TIC e a entrega dos Premios Galicia TIC 2005, que terá lugar o día 25 ás oito da tarde. O Congreso clausurarase mañá mércores ás seis e media da tarde cunha conferencia sobre "Sociedade dixital. Tecnoloxía ao servizo do cidadán. Proxecto estratéxico 22@BCN".

O Congreso Galicia TIC é unha actividade organizada por FEUGA –Fundación Empresa Universidade Galega-. A Consellería de Innovación e Industria contribúe ao seu finanzamento coa aportación de 60 mil euros en virtude dun convenio de colaboración asinado polos dous organismos.

**Imprimir Noticia** Imprimir

**Datos de la Noticia**

| | |
|---|---|
| Fecha | martes 25 de octubre |
| Autor | Consellería de Innovación e Industria |

**Enviar por correo electrónico**

Su Email

Su Nombre

Enviar a (mail)

Notas

Enviar

Copyright ©2005 GaliciaTic. Todos los derechos Reservados | Aviso Legal | Créditos